



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS-PARROQUIA LAVADORES. FASE III: BAIXADA AO CAPITÁN ATÉ O NÚMERO 186**

### ÍNDICE

#### I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN
2. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL
3. OBXECTO DO CONTRATO
4. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO
5. PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN
6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES EN QUE SE DISTRIBÚE
7. PRAZO DE EXECUCIÓN

#### II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

8. PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN
9. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN DO CONTRATO QUE DEBE ABOAR O ADXUDICATARIO
10. GASTOS A ABOAR EN CASO DE RENUNCIA OU DESESTIMENTO
11. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN
12. FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓNS
13. PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DE MAIS REQUISITOS DAS PROPOSICIÓNS
14. CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO
15. MELLORAS
16. CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS
17. DEBER DE CONFIDENCIALIDADE
18. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS
19. NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES
20. ADXUDICACIÓN
21. GARANTÍAS ESIXIBLES

## 22. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

### III. EXECUCIÓN DO CONTRATO

#### 23. PRAZOS

#### 24. EXECUCIÓN DO CONTRATO

I. OBRIGAS DO CONTRATISTA

II. COMPROBACIÓN DE REPLANTEO

III. PROGRAMA DE TRABALLO, PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E RELACIÓN DE SUBCONTRATISTAS E SUBMINISTRADORES

IV. FACULTADES DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DA ADMINISTRACIÓN

V. CONTROL DE CALIDADE

VI. MEDICIÓNS

VII. RELACIÓNS VALORADAS

VIII. CERTIFICACIÓNS

IX. SINALIZACIÓN DAS OBRAS

#### 25. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

#### 26. PERSOAL DO CONTRATISTA

#### 27. CUMPRIMENTO DO CONTRATO

I.- RECEPCIÓN DAS OBRAS

II. CERTIFICACIÓN FINAL

#### 28. RÉXIME DE PAGOS

#### 29. REVISIÓN DE PREZOS

#### 30. PRAZO DE GARANTÍA

#### 31. RESPONSABILIDADE POR VICIOS OCULTOS

#### 32. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

#### 33. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

#### 34. MULTAS COERCITIVAS

#### 35. APLICACIÓN DAS PENALIDADES E MULTAS POR INCUMPRIMENTO

#### 36. SUBCONTRATACIÓN

#### 37. CESIÓN

#### 38. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

#### 39. LIQUIDACIÓN

### IV. XURISDICIÓN E RECURSOS

#### 40. XURISDICIÓN

#### 41. RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

### V. ANEXOS

1. ANEXO I: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

2. ANEXO II: FEC



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

#### FEC

#### 1. DATOS DO EXPEDIENTE

- A) NÚMERO DE EXPEDIENTE:
- B) SERVIZO XESTOR:
- C) RESPONSABLE DO CONTRATO:
- D) TRAMITACIÓN:
- E) TRÁTASE DUN CONTRATO DE REGULACIÓN HARMONIZADA: SI/NON
- F) TRÁTASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN: SI/NON

#### 2. OBXECTO

- A) OBXECTO DO CONTRATO:
- B) CODIFICACIÓN OBXECTO DO CONTRATO:
  - CPA:
  - CPV:
- C) NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACIÓN:
- D) LOTES: SI/NON

#### 3. CONTIDO ECONÓMICO

- A) PRESUPOSTO TOTAL:
- B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN:
- C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:
- D) ANUALIDADES CON IVE (SE PROCEDEN):
- E) DOTACIÓN POR LOTES (OS PREZOS INDICARANSE CON IVE E CONSIGNARASE O IMPORTE CORRESPONDENTE AO MESMO)
- F) PREZOS UNITARIOS (CON IVE ENGADIDO):
- G) APLICACIÓN ORZAMENTARIA:
- H) ANTICIPADO DE GASTO: SI/NON
- I) FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS: SI/NON
- J) PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS: SI/NON (EN CASO AFIRMATIVO, DETERMINARASE ÍNDICE OU FÓRMULA DE REVISIÓN)

#### 4. PRAZO DE EXECUCIÓN

- A) PRAZO DE EXECUCIÓN:
- B) PRAZOS PARCIAIS: SI/NON SE ESTABLECEN (EN CASO AFIRMATIVO,

INDICALOS)

- C) PRÓRROGA DO CONTRATO: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, NÚMERO E DURACIÓN)
- D) DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO:

#### 5. GASTOS DO CONTRATO

- A) GASTOS MÁXIMOS DE PUBLICIDADE:
- B) GASTOS POR DESESTIMENTO OU RENUNCIA:

#### 6. CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA, E TÉCNICA

- A) PROCEDE ACREDITAR CLASIFICACIÓN: SI/NON (EN CASO AFIRMATIVO, INDICAR GRUPO/SUBGRUPO/CATEGORÍA ESIXIBLE)
- B) CLASIFICACIÓN QUE ACREDITE A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA, E TÉCNICA, NO CASO DE QUE POLO IMPORTE DO CONTRATO NON SE ESIXA CLASIFICACIÓN:
- C) OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA A MÁIS DOS QUE FIGURAN NO PREGO: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, RELACIONALOS)
- D) OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA A MÁIS DOS QUE FIGURAN NO PREGO: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, RELACIONALOS)
- E) MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS Á ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, RELACIONALOS OU REMITIRNOS AO EFECTO Á CORRESPONDENTE CLÁUSULA DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS)

#### 7. CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN DOS SOBRES B E C

- A) CONTIDO SOBRE B:
- B) CONTIDO SOBRE C: MODELO DE PROPOSICIÓN
- C) NÚMERO MÁXIMO DE FOLLAS: SI/NON SE ESIXEN (EN CASO AFIRMATIVO, INDICAR NÚMERO)
- D) POR DUPLICADO: SI/NON SE ESIXE
- E) EN FORMATO DIXITAL: SI/NON SE ESIXE (EN CASO AFIRMATIVO, FORMATO). A DO SOBRE B SEMPRE EN FORMATO DIXITAL (CLÁUSULA 12.a).2) DO PREGO

#### 8. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

- A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:
- B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:
- C) COMITÉ DE EXPERTOS OU ORGANISMO TÉCNICO ESPECIALIZADO: SI/NON SE NECESITA (EN CASO AFIRMATIVO, COMPOSICIÓN DO PRIMEIRO OU INDICACIÓN DO SEGUNDO)
- D) FASES EN QUE OPERA CADA CRITERIO: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, INDICALAS)
- E) PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTENIR POR CADA CRITERIO: SI/NON SE PREVÉ (EN CASO AFIRMATIVO, INDICALA)
- F) PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTENIR PARA A TOTALIDADE DOS CRITERIOS: SI/NON (EN CASO AFIRMATIVO, INDICALAS)
- G) OUTROS CRITERIOS DISTINTOS AOS DA CLÁUSULA 16 DO PREGO PARA DETERMINAR QUE A PROPOSICIÓN CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS: SI/NON SE PREVÉN (EN CASO AFIRMATIVO, RELACIONALAS)



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

#### 9. MELLORAS

- A) ADMITE MELLORAS: SI/NON
- B) EN CASO AFIRMATIVO, DELIMITACIÓN DOS ELEMENTOS E CONDICIÓNS:

#### 10. GARANTÍAS

- A) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA PROVISIONAL: SI/NON (EN CASO AFIRMATIVO, IMPORTE)
- B) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA COMPLEMENTARIA: SI/NON (EN CASO AFIRMATIVO, IMPORTE)

#### 11. PRAZO DE GARANTÍA

#### 12. RÉXIME DE PAGAMENTO

#### 13. ASEGURAMENTO

- A) PROCEDE CONSTITUIR SEGURO ESPECÍFICO: SI/NON (EN CASO AFIRMATIVO CLASE E CONTÍA)

#### 14. SUBCONTRATACIÓN

- A) SUBCONTRATACIÓN: SI/NON (EN CASO AFIRMATIVO, PORCENTAXE MÁXIMA DE SUBCONTRATACIÓN; SEMPRE CON EMPRESAS NON VINCULADAS AO CONTRATISTA PRINCIPAL)

#### 15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: SI/NON
- B) ASPECTOS A MODIFICAR (EN CASO AFIRMATIVO):
- C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:
- D) LÍMITES DA MODIFICACIÓN:
- E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:

#### 16. OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO DISTINTOS DOS PREVISTOS NO PREGO:

- A) CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, RELACIONALAS)
- B) CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, RELACIONALAS)
- C) OUTRAS PENALIDADES: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO,

RELACIONALAS)  
D) OBSERVACIONES:



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

#### I. ELEMENTOS DO CONTRATO

##### CLÁUSULA 1.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

- O enderezo postal é Praza do Rei, nº 1 36202 Vigo.
- O enderezo de Internet do órgano de contratación e o seu perfil do contratante é [www.vigo.org](http://www.vigo.org)
- O nº de fax do Rexistro Xeral é 986 226 206.

O servizo xestor do expediente é o designado no apartado 1.B das FOLLAS DE ESPECIFICACIÓN DO CONTRATO (en adiante FEC).

O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 41 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) é o que figura no apartado 1.C das FEC.

##### CLÁUSULA 2.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL

O presente contrato, de natureza administrativa, cualifícase como de obras (artigo 6 da LCSP). Rexerase polo disposto neste Prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, as empresas adxudicatarias. Este Prego establece as condicións xerais aplicables ás contratacións que tendo natureza análoga se adecúen ás condicións previstas nas cláusulas do Prego. A individualización de cada contratación conformarase mediante as especificacións previstas nas FEC.

Ademais do presente prego, terán carácter contractual, pola orde de prelación na que se indican, os seguintes documentos:

- O documento no que se formalice o contrato.
- A do adxudicatario.
- As follas de especificacións do contrato (FEC).
- O presente prego de cláusulas administrativas particulares.
- O prego de prescricións técnicas.

- Os planos.
- A memoria do proxecto no contido que se determina no artigo 128 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (no sucesivo RXLCAP).
- O programa de traballo aceptado polo órgano de contratación.
- Os cadros de prezos.

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexeráse polas seguintes normas:

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (no sucesivo RLCSP).
- Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 30/2007.

Se o contrato é financiado con Fondos europeos (apartado 3.I das FEC) deberá someterse ás disposicións do tratado da Unión Europea e aos actos fixados en virtude do mesmo, e será coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias a prol do desenvolvemento sustentable e mellora do medio ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) n° 1083/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

### **CLÁUSULA 3.- OBXECTO DO CONTRATO**

O contrato terá por obxecto a execución das obras sinaladas no apartado 2.A das FEC.

No caso de que se prevean lotes no apartado 2.D das FEC, poderase licitar pola totalidade ou por algún ou algúns dos mesmos. No caso de licitar pola totalidade especificarase, en todo caso, a proposición de cada lote.

A CPA e a CPV do contrato figuran no apartado 2.B das FEC.

### **CLÁUSULA 4.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO**

Mediante a execución do contrato a que se refire este Prego satisfaranse as necesidades que se describen no apartado 2.C das FEC.

### **CLÁUSULA 5.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN**



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

O orzamento base de licitación é o que se fixa no apartado 3.A das FEC.

A cantidade que neste contrato corresponde ao Imposto sobre o Valor Engadido é a que se fixa no apartado 3.B das FEC.

O valor estimado do contrato, de acordo co establecido no artigo 76 da LCSP, é o fixado no apartado 3.C das FEC.

No caso de que se **establezan** LOTES, o presuposto máximo de licitación para cada lote e o desglose do IVE fíxase no apartado 3.E das FEC.

No apartado 3.F das FEC fíxanse os prezos unitarios ou a referencia dos mesmos para o suposto que se esixan ou sexan obxecto de valoración na licitación.

As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao presuposto base de licitación. En caso contrario, serán excluídas da mesma.

#### CLÁUSULA 6.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES EN QUE SE DISTRIBÚE

Para a execución dos compromisos económicos derivados da presente contratación existe crédito na aplicación orzamentaria que se indica no apartado 3.G das FEC.

No suposto de que no apartado 3.H das FEC se indique que o expediente de contratación se tramita como anticipado de gasto, a execución do contrato quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos.

Se a execución do contrato abranguese máis dun exercicio presupostario, no apartado 3.D das FEC establécese a previsión do desglose do presuposto en anualidades orzamentarias. O gasto previsto para cada anualidade subordínase ao crédito que durante o prazo contractual autorice o respectivo orzamento conforme ao previsto no nº 1 do artigo 174 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### CLÁUSULA 7.- PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución do contrato será o establecido no apartado 4.A das FEC.

Os prazos parciais para a execución do contrato serán, no seu caso, os establecidos no apartado 4.B das FEC.

O presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña á mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a previa formalización do mesmo.

A data de inicio do contrato será a sinalada no apartado 4.D das FEC salvo nos supostos que se citan a continuación, nos que se fixará no contrato, dentro do prazo dos 30 días naturais seguintes á data de formalización do mesmo:

- Se no apartado 4.D das FEC non se fixa data para o seu comezo.
- Se por mor da tramitación do expediente de contratación non fose posible adxudicar o mesmo antes da data sinalada no apartado 4.D das FEC.

No caso dos contratos declarados urxentes o prazo de inicio da súa execución non poderá ser superior a quince días hábiles, contados desde a formalización. Se se excedese este prazo, o contrato poderá ser resolto, salvo que o atraso se debese a causas alleas á Administración contratante e ao contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada (artigo 96.2.c da LCSP).

## **II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

### **CLÁUSULA 8.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN**

O contrato adxudicarase aplicando o procedemento aberto e a forma de tramitación do expediente será a fixada no apartado 1.D das FEC podendo ser:

- Ordinaria, conforme ao disposto no artigo 93 da LCSP.
- Urxente, segundo o previsto no artigo 96 da LCSP, neste caso deberá constar no expediente a resolución pola que se declara e motiva a urxencia.

A tramitación urxente do contrato suporá a redución dos prazos na forma sinalada nos artigos 96 e 128 da LCSP.



## **CONCELLO DE VIGO**

### **ÁREA DE FOMENTO**

Expediente 965/440

#### **CLÁUSULA 9.- IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN DO CONTRATO QUE DEBE ABOAR AO ADXUDICATARIO**

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos de publicidade da licitación ata o importe que se estableza no apartado 5.A das FEC.

#### **CLÁUSULA 10.- GASTOS A ABOAR EN CASO DE RENUNCIA OU DESESTIMENTO**

O órgano de contratación poderá acordar a renuncia á celebración do contrato, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou o desestimento do procedemento, baseado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, en ámbolos dous casos, sempre antes da adxudicación do contrato.

Esta circunstancia deberá ser notificada aos licitadores e comunicarse á Comisión Europea cando o contrato fose anunciado no Diario Oficial da Unión Europea (artigo 139 da LCSP).

En caso de renuncia ou desestimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que incorrese (artigo 139.2 da LCSP). O importe da indemnización será o establecido no apartado 5.B das FEC.

#### **CLÁUSULA 11.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

Para tomar parte na licitación será preciso que o interesado achegue a documentación distribuída en tres sobres: 1) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL, 2) SOBRE B: PROPOSICIÓN TÉCNICA e 3) SOBRE C: PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

Os sobres independentes estarán pechados, e poderán ser lacrados e precintados. No seu exterior constarán como mínimo os seguintes datos:

- Indicación do sobre do que se trata: "Sobre A", documentación persoal, "Sobre B", proposición técnica ou "Sobre C", proposición económica.
- Número de expediente (apartado 1.A das FEC) e obxecto do contrato (apartado 2.A das FEC) ao que concorran.

- No caso de que se prevea a licitación por lotes indicaranse os lotes aos que presenta proposición.
- Os datos seguintes do licitador: Nome, CIF ou NIF, enderezo postal, teléfono, fax, correo electrónico e no suposto de que o licitador estea inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, o seu número de inscrición.
- Lugar, data e sinatura do licitador ou do seu representante.

No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, ordeado numericamente, procurando, así mesmo, que o contido de cada sobre se atope debidamente paxinado.

Nos procedementos nos que o único criterio de adxudicación sexa o prezo, únicamente se presentarán dous sobres: o primeiro conterá a documentación esixida nesta cláusula para o sobre A e o segundo conterá o modelo de proposición debidamente cumprimentado que figura no apartado 7.B das FEC.

A presentación das proposicións deste procedemento poderase realizar a través da Plataforma Electrónica de Contratación Pública vortalGOV ([www.vortalgov.es](http://www.vortalgov.es)). No perfil do contratante do Concello de Vigo, [www.vigo.org](http://www.vigo.org), atópase un enlace directo coa mesma. Para acceder á plataforma previamente deberá rexistrarse (no enderezo electrónico <http://www.vortalgov.es>, seleccionar "Licitador - cómo subscribirse" e pulsar na área "Universal" o botón "Subscribirse"). Os licitadores deberán asinar a proposición e todos os documentos asociados á mesma con sinatura electrónica recoñecida, válidamente emitida por un Prestador de Servizos de Certificación, que garanta a identidade e integridade do documento, de conformidade co disposto na Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica. A documentación deberá achegarse en formato PDF ou similar non editable. Unha vez presentada unha proposición a través da plataforma electrónica de contratación vortalGOV, xerarase un recibo electrónico que garantirá a data, hora e contido da súa proposición. Todas as proposicións recibidas electronicamente a través da plataforma electrónica de contratación vortalGOV serán custodiadas e encriptadas sen posibilidade de acceder ao seu contido en ningún caso ata que se constitúa a Mesa de contratación.

De igual modo, a documentación poderá ser entregada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Casa do Concello de Vigo, Praza do Rei, nº 1 36202 Vigo) en horario de 9 a 13,30 horas os días laborables e de 9 a 13 horas os sábados. O licitador terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro Xeral deste Concello con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Por último, as proposicións poderán ser presentadas por correo. Só se admitirán as proposicións presentadas nas oficinas de Correos ata as 24 horas do último día do prazo establecido para a presentación de proposicións. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo a remisión da proposición mediante télex, fax ou



## **CONCELLO DE VIGO**

### **ÁREA DE FOMENTO**

Expediente 965/440

telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos dez días seguintes á indicada data sen terse recibido a documentación enviada por correo, ésta non será admitida en ningún caso.

#### **CLÁUSULA 12.- FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓN**

a) Con carácter xeral, as proposicións presentaranse en tres sobres numerados correlativamente:

##### **1) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL**

Conterá, de conformidade co que dispón o artigo 130 da LCSP, a seguinte documentación que poderá presentarse mediante fotocopia simple sempre e cando se acompañe de declaración na que o licitador manifeste a autenticidade da mesma (Anexo I):

##### **1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica**

- Os empresarios individuais, copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.
- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

##### **2º) Documentos acreditativos da representación**

Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quenes subscriban a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do ou dos apoderados.

**3º) Documento de compromiso de constituír unha Unión Temporal de Empresas (UTE) :**

No caso de que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal achegarán, ademais, un documento, que poderá ser privado, no que se comprometan a constituíla para o caso de resultar adxudicatarios. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e nel expresarase a participación que a cada unha delas corresponda na UTE.

**4º) Documentos acreditativos da clasificación:**

Cando sexa esixible a clasificación os licitadores deberán acreditar estar clasificados nos grupos, subgrupos e categorías que se establecen no apartado 6.A das FEC. Incluírase o certificado que acredite que a empresa licitadora estea clasificada nos termos esixidos neste Prego.

As empresas que se atopen pendentes de obter a clasificación, deberán achegar o documento acreditativo de ter presentada a correspondente solicitude, debendo xustificar a obtención da clasificación esixida no prazo previsto para a subsanación de defectos ou omisións na documentación.

A falta ou insuficiencia da clasificación non poderá suplirse mediante a integración da solvencia con medios externos.

As empresas comunitarias, non españolas, poderán acreditar a clasificación mediante os certificados de clasificación ou documentos similares que acrediten a súa inscrición en listas oficiais de empresarios autorizados para contratar establecidas polos Estados membros da Unión Europea ou mediante certificación emitida por organismos que respondan ás normas europeas de certificación expedidas de conformidade coa lexislación do Estado membro en que estea establecido o empresario. Os devanditos documentos deberán indicar as referencias que permitan a inscrición do empresario na lista ou a expedición da certificación, así como a clasificación obtida.

**5º) Documento constitutivo da garantía provisional ou resgardo acreditativo da súa constitución,** cando se esixa no apartado 10.A das FEC.

**6º) Declaración responsable** formulada por quen, con poder bastante, asine a proposición, na que se faga constar expresamente, tanto no que se refire ás persoas físicas como ás persoas xurídicas concursantes:

- Que non se atopan comprendidas en ningunha das circunstancias establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP, que impiden contratar coa Administración.
- Que se atopan ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias,



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

tanto coa Facenda do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

A documentación acreditativa de tales requisitos deberá presentarse antes da adxudicación definitiva polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar ésta.

Incorpórase como anexo I a este prego un modelo de declaración responsable.

**7º) Acreditación da solvencia cando non proceda esixir a clasificación ou para empresas licitadoras estranxeiras pertencentes a países membros da Unión Europea:**

#### **- Solvencia económica e financeira:**

Acreditarase por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 6.C das FEC se determinen outros distintos:

- Informe de institución financeira no que se exprese concretamente que o licitador ten solvencia económica e financeira suficiente para executar este contrato, citando o seu nome e contía.
- Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, aos tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato.
- Documento acreditativo de posuír a clasificación esixida no apartado 6.B das FEC.

#### **- Solvencia técnica e profesional:**

Acreditarase, excepto que no apartado 6.D das FEC se determinen outros distintos:

- Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados, como máximo, nos cinco últimos anos.

Indicarase importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nos cinco últimos anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato. Para a acreditación do criterio terase en conta o disposto no artigo 67 a) da LCSP.

- Documento acreditativo de posuír a clasificación esixida no apartado 6.B das FEC.

#### **8º) Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeiras:**

As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia executarse en España, deberán presentar unha **declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois** de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

#### **9º) Pertenza ou non a un grupo de empresas. Concorrenza de dous o máis empresas dun mesmo grupo á licitación:**

Deberá declararse a pertenza ou non a un grupo de empresas (Anexo I). Cando empresas do mesmo grupo, entendéndose por tales as que se atopen nalgún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. Se concorren a unha mesma licitación deberán presentar a correspondente declaración para os efectos do disposto no artigo 86 do RXLCAP.

#### **10º) Domicilio:**

Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio, un enderezo de correo electrónico e un número de teléfono e fax para os efectos da práctica das notificacións.

#### **11º) Empresas que teñan no seu cadro de persoal, traballadores con discapacidade:**

Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia prevista na Disposición Adicional Sexta da LCSP, deberán presentar unha declaración manifestando que, ao tempo de presentar a súa proposición contan entre o seu persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2%, do seu cadro de persoal así como a porcentaxe deles que sexan traballadores fixos no cadro. No caso de que se aplique este criterio de preferencia para a adxudicación deberá acreditarse fehacientemente esta circunstancia.

#### **12º) Compromiso de adscrición de medios persoais ou materiais ao contrato**

Poderase esixir aos licitadores, facéndoo constar no apartado 6.E das FEC, que ademais de acreditar a súa solvencia ou, no seu caso, clasificación, se comprometan a adscribir á execución do contrato os



## **CONCELLO DE VIGO**

### **ÁREA DE FOMENTO**

Expediente 965/440

medios persoais ou materiais suficientes para isto que se consideren necesarios en cada caso (artigo 53.2 da LCSP).

#### **- REXISTRO DE CONTRATISTAS**

Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, de 20 de setembro (D.O.G. nº. 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, estean exentos de presentar a documentación que obre nos mesmos sempre que se atope vixente e que se corresponda coa dos apartados 1, 2 e 4 do sobre A.

En todo caso, deberá presentarse acreditación da inscrición no correspondente rexistro actualizada á data da licitación.

Cando un licitador pretenda facer valer a súa inscrición nalgún dos citados rexistros para os efectos previstos deberá reflectilo de forma fehaciente no exterior do sobre A de documentación persoal, indicando o nº de rexistro asignado.

#### **2) SOBRE B: PROPOSICIÓN TÉCNICA**

Incluirá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos méritos que dependan dun xuízo de valor e aqueles outros documentos que se esixan no apartado 7.A das FEC.

A documentación incluída neste sobre deberá achegarse en formato dixital. Presentarase dobre copia, en documento non editable e en formato PDF ou similar, etiquetado (a etiqueta deberá incluír o nome da empresa ou o número de rexistro da mesma no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, a mención "Sobre B" e o nº de expediente), e ir acompañada dunha declaración escrita do licitador sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición técnica, e deberá ser asinado por persoa con poder bastante.

Será causa de exclusión da licitación a incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da aplicación das fórmulas previstas no apartado 8.B das FEC.

### **3) SOBRE C: PROPOSICIÓN ECONÓMICA**

A proposta económica deberá ser formulada de acordo co modelo que se fixa no apartado 7.B das FEC.

#### **b) PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN NO SUPOSTO DE LICITACIÓN ELECTRÓNICA**

Na Plataforma Electrónica de Contratación Pública vortalGOV atopará o procedemento na área de "recibidos".

Tras pulsar "Presentar Oferta" poderá ver as áreas "1 - Visualizar procedemento", e "2 - Crear Oferta", as cales conteñen a seguinte información:

##### **Área: 1 - Visualizar procedemento**

###### **➤ REFERENCIA DA OFERTA**

Campo a cubrir polo licitador, indicando a referencia que o licitador lle deu á proposición.

###### **➤ PRAZO DE ENTREGA/EXECUCIÓN**

Nesta columna porase o valor 0.

##### **Área: 2 - Crear Oferta**

###### **➤ PREZOS UNITARIOS**

Nesta columna porase o valor 0.

###### **➤ DOCUMENTOS DA OFERTA:**

###### **- "Sobre A: documentación persoal"**

Achegar e asinar electrónicamente os documentos solicitados na cláusula 12.1 do presente Prego.

###### **- "Sobre B: proposición técnica"**

Achegar e asinar electrónicamente os documentos solicitados na cláusula 12.2 e no apartado 7.A das FEC do presente Prego.

###### **- "Sobre C: proposición económica"**

Achegar e asinar electrónicamente o modelo de proposición incluído no apartado 7.B das FEC.



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

#### **CLÁUSULA 13.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DEMAIS REQUISITOS DAS PROPOSICIÓNS**

A documentación persoal e as proposicións técnica e económica presentaranse dentro do prazo fixado no anuncio da licitación.

As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de devanditas cláusulas ou condicións, así como do proxecto, no seu caso, e do prego de prescricións técnicas, sen excepción ou reserva ningunha.

As proposicións serán secretas polo que se arbitrarán os medios que o garanten tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público das mesmas.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo da admisibilidade de melloras cando así se estableza no apartado 9.A das FEC.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente nin figurar en máis dunha delas.

A infracción das anteriores prohibicións dará lugar á non admisión de todas as proposicións que tivese subscritas.

#### **CLÁUSULA 14.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos criterios previstos nos apartados 8.A e 8.B das FEC.

Os criterios avaliábles mediante fórmula, e salvo que se fixe outro sistema de valoración no apartado 8.B das FEC, valoraranse da seguinte forma:

**1º.-Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración** (menor prezo, menor custo de execución, menor prazo, menores consumos, etc) utilizaranse as seguintes fórmulas:

- a) Para valores ofertados inferiores ao valor medio ofertado (a media das baixas propostas):

$$P = (0,8 \times \text{Puntuación máxima do criterio}) \times \text{valor ofertado} / \text{valor medio ofertado}$$

- b) Para as ofertas iguais o superiores á baixa media:

$$P = (0,8 \times \text{puntuación máxima}) + ((0,2 \times \text{puntuación máxima}) \times (A/B))$$

Onde,

A = Diferenza entre o valor ofertado e a baixa media

B = A maior diferenza entre o valor ofertado e a baixa media

O valor ofertado obterase restando aos valores de referencia previstos no prego de condicións (tipo de licitación, prazo de execución, custo de execución, prezo, consumos, etc) os valores ofertados polos licitadores:

**Valor ofertado = valor de referencia da Administración - valor proposto polo licitador**

**2º.-Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración** (aumento do prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc) utilizarase a seguinte fórmula:

- a) A máxima puntuación corresponderá ás empresas que oferten un incremento igual ou superior á media aritmética dos incrementos propostos polos licitadores (incremento medio ofertado).
- b) Para valorar os incrementos inferiores á media aritmética dos incrementos propostos polos licitadores:

$$P = \text{Puntuación máxima do criterio} \times (\text{Incremento ofertado} / \text{incremento medio ofertado})$$

O incremento ofertado obterase restando dos valores ofertados polos licitadores o valor de referencia previsto no prego de condicións (prazo de garantía, número de persoal, control da calidade, etc):

**Incremento ofertado = valor proposto polo licitador - valor de referencia da Administración**

Os criterios poderán concretar a fase de valoración das proposicións en



## **CONCELLO DE VIGO**

### **ÁREA DE FOMENTO**

Expediente 965/440

que operan os mesmos e, no seu caso, o límite mínimo de puntuación que na súa aplicación poida ser esixido ao licitador para continuar no proceso licitatorio de acordo co disposto no apartado 8.D, 8.E e 8.F das FEC.

Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da proposición que inclúa un menor prezo; en segundo, a favor da empresa que conte no seu cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2%. Se existisen varias coa mesma porcentaxe, terá preferencia a que entre elas conte con maior nº de traballadores fixos entre elas.

De persistir o empate, adxudicarase á empresa que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliábles mediante xuízo de valor establecidos na cláusula 8.A das FEC, por orde de importancia. No caso de que se asignase idéntica ponderación para os criterios, pola orde no que se relacionen na cláusula 8.A das FEC.

Se continuase o empate, efectuarase un sorteo.

#### **CLÁUSULA 15.- MELLORAS**

Se así se establece no apartado 9.A das FEC os licitadores poderán presentar melloras do contrato cos requisitos, límites e modalidades que se fixan no apartado 9.B das FEC.

En todo caso, as melloras propostas deberán ter relación directa co obxecto do contrato.

Para os únicos efectos da valoración das melloras só se terán en conta aquelas admitidas polos servizos técnicos e aos prezos unitarios establecidos polos mesmos, no caso de desacordo cos prezos propostos polos licitadores. O licitador só estará obrigado a executar as melloras admitidas e valoradas polos citados servizos.

#### **CLÁUSULA 16.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A PROPOSICIÓN CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS**

Considerarase que a proposición contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

- a) **Se o contrato debe adxudicarse tendo en conta un único criterio de**

**valoración**, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do RXLCAP.

- b) **Cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis dun criterio de adxudicación**, sempre que o prezo proposto sexa inferior nun 10% á media do total dos propostos.

No apartado 8.G das FEC poderán fixarse outros criterios para determinar cando as proposicións deberán considerarse anormais ou desproporcionadas.

Cando aplicando estes criterios se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal notificaráselle ao licitador por correo electrónico e concederáselle audiencia por un prazo máximo de tres días para que xustifique a valoración da súa proposición e precise as condicións da mesma de acordo co establecido no artigo 136.3 da LCSP.

Á vista da xustificación presentada e do informe do servizo xestor, a Mesa de contratación deberá propoñer ao órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da citada proposición por non poder ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. Neste último caso, o órgano de contratación terá que excluila da clasificación.

#### **CLÁUSULA 17.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE**

Sen prexuízo das disposicións da LCSP, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as proposicións, en especial con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas. O órgano de contratación non poderá divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter no mesmo ou nos pregos, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

#### **CLÁUSULA 18.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS**

A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das proposicións correspóndelle á **Mesa de contratación do Concello de Vigo**, cuxa composición figura no perfil do contratante do mesmo, que se atopa na páxina WEB [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

- A cualificación da documentación presentada á que se refire o artigo 130.1 da LCSP (documentación persoal), efectuarase pola Mesa de contratación constituída para o efecto no día e hora anunciados no perfil do contratante. O Presidente ordeará a apertura do sobre que a conteña (**sobre A**), e o Secretario certificará a relación de documentos que se inclúen no mesmo.



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

Se a Mesa de contratación observase **defectos ou omisións subsanables na documentación** que se inclúe no sobre A comunicarao aos interesados por correo electrónico ou fax, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixa ou emenden ante a propia Mesa.

- Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións de que adoeceía, a Mesa declarará admitidos á licitación aos licitadores que acrediten solvencia económica e técnica e o cumprimento dos demais requisitos indicados no artigo 130 da LCSP, facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento, circunstancia que se comunicará aos licitadores rexeitados por correo electrónico ou fax para os efectos oportunos.

- Concluída a fase anterior, celebrarase o acto público de apertura do **sobre B**, no día e hora anunciado no perfil do contratante do Concello de Vigo, entregándose a documentación que conteña este sobre aos servizos técnicos municipais para informe. Nos casos previstos no artigo 134 da LCSP os servizos técnicos substituiranse por un órgano técnico encargado da valoración (Comité de expertos ou organismo especializado) cuxa composición no primeiro caso figurará no apartado 9.C das FEC. Este acto desenvolverase de conformidade co establecido no artigo 83 do RXLCAP.

- A valoración outorgada aos criterios dependentes dun xuízo de valor darase a coñecer no perfil do contratante con carácter previo ao acto público de apertura do sobre C.

- A apertura do **sobre C** terá lugar, en acto público, no día e hora anunciado no perfil do contratante do Concello de Vigo. No mesmo, darase a coñecer o contido das proposicións económicas dos licitadores admitidos.

A Mesa poderá acordar, motivadamente, propoñer ao órgano de contratación o **rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas**, sempre e cando a documentación técnica e/ou económica que conteñan variasen as previsións dos Pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ao

licitador.

De todo o actuado deixárase constancia documental no expediente.

#### **CLÁUSULA 19.- NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES**

Cando a Mesa de contratación acorde, en uso das facultades que lle confire a lexislación contractual vixente, o rexeitamento de proposicións inicialmente admitidas comunicará esta circunstancia aos licitadores a través de correo electrónico ou fax.

#### **CLÁUSULA 20.- ADXUDICACIÓN**

O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas de acordo co disposto no artigo 135.1 da LCSP e requirirá ao licitador cuxa proposición estea clasificada en primeiro lugar a documentación sinalada no artigo 135.2 da LCSP.

O contrato deberá adxudicarse no prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da citada documentación.

A adxudicación do contrato será notificada a todos os licitadores admitidos á mesma.

En todo caso, antes da formalización do contrato esixírase:

- O pagamento dos anuncios de licitación, cuxo importe non poderá superar o límite fixado no apartado 5.A das FEC.
- Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución da mesma.
- Cando se esixa ao adxudicatario no apartado 13.A das FEC que concerte algún tipo de seguro, a póliza correspondente.

#### **CLÁUSULA 21.- GARANTÍAS ESIXIBLES**

- **Provisional:** Non se esixe para participar na licitación constituír a garantía provisional agás cando así se indique no apartado 10.A das FEC. Cando a contratación se presente por lotes, as garantías provisionais presentaranse só respecto dos lotes aos que se licite. Neste caso establecerase o importe desagregado de garantías por lote no apartado 10.A das FEC.
- **Definitiva:** O licitador clasificado en primeiro lugar deberá prestar unha garantía do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.
- **Complementaria:** Constituirase se así o esixe o apartado 10.B das FEC.

As garantías poderán constituírse en calquera das formas previstas no



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

art. 84.1 e 2 da LCSP cos requisitos esixidos nos artigos 55 a 58 do RXLCAP.

No caso de que se constitúa:

- **En metálico ou mediante certificados de inmovilización de valores anotados públicos ou privados**, terá que depositarse na Caixa do Concello de Vigo e acreditarase acompañando o resgardo xustificativo.
- Mediante **aval**, acreditarase coa presentación do documento no que se formalice.
- Mediante **contrato de seguro de caución**, acreditarase coa presentación do certificado individual de seguro.

### CLÁUSULA 22.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción da notificación da adxudicación polos licitadores, na forma prevista no artigo 135.4 da LCSP. Con carácter xeral farase en documento administrativo; non obstante, poderá tamén facerse en escritura pública cando o solicite o adxudicatario, sendo neste último caso do seu cargo os gastos que se deriven da mesma.

No entanto, se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 310.1 da LCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores.

## III. EXECUCIÓN DO CONTRATO

### CLÁUSULA 23.- PRAZOS

O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

O prazo de execución do contrato será o consignado no apartado 4 A das FEC. Computarase a partir da data de levantamento da acta de comprobación de replanteo, que haberá de outorgarse no prazo de vinte días naturais desde o día seguinte á formalización do contrato, salvo que neste se estipule outro. En ningún caso, o prazo poderá ser superior a un mes desde a data de formalización do contrato salvo casos excepcionais xustificados, todo isto sen prexuízo do disposto para os supostos de tramitación urxente no artigo 96 da LCSP.

A constitución en mora do contratista no precisará intimación previa por parte da Administración, e rexerase polo disposto no artigo 196 LCSP.

#### **CLÁUSULA 24.- EXECUCIÓN DO CONTRATO**

O contrato executarase con subxección ao previsto no seu clausulado, neste Prego e no prego de prescricións técnicas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación formulará o órgano de contratación ao contratista.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, de acordo cos límites e responsabilidades establecidos no artigo 199 da LCSP. Será responsable dos defectos que poidan advertirse na construción durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía.

##### **I.- OBRIGAS DO CONTRATISTA:**

- 1) Deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.
- 2) Está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo, que terá en conta ao elaborar a súa proposición; así como das que se promulguen durante a execución das obras. En particular, deberá observar as prescricións contidas na Guía de Coordinación de Actividades do Concello de Vigo.
- 3) Responderá da vixilancia dos terreos ou edificios en que teña que executarse a obra así como dos bens que haxa nos mesmos e os da propia obra, debendo poñer os medios precisos para evitar calquera dano ou sustracción, do que será responsable.
- 4) A legalización de todas e cada unha das instalacións incluídas no proxecto ou aquelas que, non estando contempladas na súa totalidade no mesmo, se vexan afectadas directa ou indirectamente pola súa execución, sempre que a correspondente normativa determine a necesidade de regularizar a súa situación.
- 5) O cumprimento de todas as disposicións técnicas vixentes en relación coa actividade desenvolvida. Para utilizar materiais, subministracións, procedementos e equipos na execución do obxecto do contrato deberá obter as cesións, permisos e autorizacións precisas dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes; correndo da súa conta o pago dos



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

dereitos e indemnizacións por tales conceptos, sendo responsable por todos os danos e perdas que para o mesmo poidan derivarse da interposición de calquera tipo de reclamacións derivadas da súa actuación.

- 6) Responder da calidade dos materiais empregados, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións realizadas; así como das consecuencias que lle sexan atribuíbles que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros ou, en xeral, incorrecta execución do contrato.
- 7) Indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, de acordo co disposto no artigo 198 da LCSP.

#### II.- COMPROBACIÓN DO REPLANTEO:

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificados, o servizo xestor procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.

Se o contratista non acudise ao mesmo sen causa xustificada, a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias previstas no artigo 220 da LCSP.

O director da obra directamente ou por medio do coordinador de Seguridade e Saúde deberá efectuar o correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comezo das obras (art. 18 do Decreto 1627/97), documento cuxa presentación debe exhibir o facultativo ao contratista.

Cando o resultado da comprobación do replanteo acredite a posesión e disposición real dos terreos e a idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e non existise reserva por parte do contratista, darase por éste a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente no acta redatada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, o prazo de execución das obras comezará a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta.

### **III.- PROGRAMA DE TRABAJO, PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E RELACIÓN DE SUBCONTRATISTAS E SUBMINISTRADORES:**

Cando a execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, ou cando o órgano de contratación así o esixa, na acta de comprobación de replanteo o contratista deberá presentar no prazo máximo de 30 días, contados desde a formalización do contrato, un programa de traballo relativo aos extremos que se indican no artigo 144 do RXLCAP.

O programa de traballo non poderá introducir ningunha modificación das condicións contractuais, aínda que poderá propor redución no prazo total e modificacións nos prazos parciais de execución da obra, sempre que as disponibilidades de crédito do Concello permitan efectuar os reaxustes de anualidades que se puidesen derivar de tales modificacións, e sen que, en ningún caso, poida supor incremento do prezo total de adxudicación do contrato. O órgano de contratación resolverá dentro dos 15 días seguintes á presentación do programa de traballo, podendo introducir, na resolución aprobatoria, modificacións ou determinadas prescricións, sempre que non contraveñan as cláusulas do contrato.

Unha vez aprobado o programa de traballo, incorporarase ao contrato, practicándose no seu caso, o correspondente reaxuste de anualidades.

Así mesmo, neste prazo o contratista deberá achegar o Plan de Seguridade e Saúde, e a relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra a realizar.

O Plan de Seguridade e Saúde será aprobado polo órgano de contratación previo informe favorable do coordinador de seguridade e saúde.

### **IV.- FACULTADES DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DA ADMINISTRACIÓN**

As obras executaranse con suxeición ao previsto no contrato, neste Prego, no proxecto, no prego de prescricións técnicas e de acordo coas instrucións que, en interpretación técnica destes, o director facultativo das obras lle dea ao contratista.

Cando estas instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito no máis breve prazo posible, para que sexan vinculantes para as partes.

Sen prexuízo dos ensaios previstos no prego de prescricións técnicas, nos que se estará ao contido do mesmo, o director da obra pode ordear que se realicen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra, e que se soliciten os informes específicos que en cada caso resulten pertinentes. Os gastos que se orixinen serán de conta da Administración ou do contratista, segundo determine o prego de cláusulas administrativas particulares.

A Administración goza das máis amplas facultades de comprobación, e



## **CONCELLO DE VIGO**

### **ÁREA DE FOMENTO**

Expediente 965/440

inspección das obras. A inspección poderá ter por obxecto comprobar as condicións técnicas de execución das obras, os requisitos para concorrer á súa adxudicación, as obrigas asumidas polo contratista en canto á súa execución ou a xustificación dos aboamentos a conta percibidos ou propostos polo contratista. No exercicio desta potestade a Administración poderá recabar do contratista calquera documentación e información que estime oportuna; establecer os sistemas de control de calidade a empregar e ditar as ordes e instrucións oportunas para o estrito cumprimento do convido.

O contratista, pola súa parte, poderá requirir a identificación documental dos técnicos municipais encargados de exercer esta facultade de inspección e a entrega das instrucións do órgano de contratación por escrito.

#### **V.- CONTROL DE CALIDADE**

No prazo indicado para a presentación do programa de traballo, o contratista presentará ao órgano de contratación, para a súa aprobación pola Administración e coa conformidade do director da obra, o desenvolvemento do control de calidade e unidades de obra durante a execución desta.

O desenvolvemento no tempo das actividades a realizar para o control de calidade deberá ser coherente co programa de traballo presentado e economicamente suporá o importe total que corresponda á porcentaxe do orzamento de execución material do proxecto a que o contratista se comprometeu na súa proposición.

O incumprimento do compromiso adquirido por parte do contratista durante a execución da obra poderá ser causa de resolución do contrato.

Todos os traballos e actuacións que comporten o control de calidade da obra terán que ser levados a cabo pola empresa designada polo contratista.

#### **VI.- MEDICIÓNS**

O técnico director realizará mensualmente e na forma que estableza o prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o mes anterior. O contratista poderá presenciar a

realización de tales medicións.

O contratista está obrigado a avisar fehacemente á dirección facultativa coa suficiente antelación, a fin de que ésta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, éste queda obrigado a aceptar as decisións da Administración sobre o particular.

#### **VII.- RELACIONES VALORADAS**

O técnico director, tomando como base as medicións das unidades de obra executadas a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redatará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

#### **VIII.- CERTIFICACIONES**

As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramítaraas o técnico director nos dous días seguintes á finalización do período a que correspondan, previa a audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais, as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poida reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

#### **IV.- SINALIZACIÓN DAS OBRAS**

O contratista está obrigado a instalar á súa costa os sinais precisos, de conformidade coa normativa vixente segundo a natureza das obras, para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debido á marcha daqueles tanto na devandita zona como nos seus lindes e inmediacións, así como a cumprir as ordes que reciba por escrito da dirección de obra sobre a instalación de sinais complementarios ou modificación das xa instaladas.

#### **CLÁUSULA 25.- CONDICIONES ESPECIALES DE EXECUCIÓN**

O órgano de contratación poderá establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato que figurarán, no seu caso, no apartado 16.A das FEC.

Poderán referirse, entre outras, a calquera das consideracións de tipo ambiental ou social mencionadas no artigo 102.1 da LCSP.

O cumprimento polo contratista destas condicións especiais de execución do contrato poderá verificarse en calquera momento polo órgano de contratación durante a execución do mesmo e, en todo caso, comprobarase



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

ao tempo da recepción da prestación.

O incumprimento polo contratista das condicións especiais de execución do contrato poderá motivar a imposición de penalidades nos termos previstos neste Prego e na lexislación vixente na materia.

#### CLÁUSULA 26.- PERSOAL DO CONTRATISTA

A empresa contratista disporá en todo momento do persoal preciso e adecuado para a execución das obras ao seu cargo, nos termos contractuais e os legalmente establecidos e coa máxima calidade esixible. Particularmente, garantirá:

- a) A cobertura en todo momento dos postos de traballo e as súas correspondentes funcións ofertadas na proposición presentada ao concurso.
- b) A categoría, formación, experiencia e aptitude profesional do persoal que teña asignado ao contrato.

A incapacidade demostrada dalgún empregado poderá xustificar a súa substitución ordeada polo órgano de contratación.

O persoal asignado ao contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto do mesmo, sendo a Administración contratante do todo allea a dita relación laboral. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún por dito persoal en relación coa Administración contratante, nin esixirse a ésta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o contratista e os seus empregados, aínda no suposto de que os despidos ou medidas que o empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O adxudicatario comprométese a retribuír adecuadamente ao persoal destinado á obra con cargo ao prezo da adxudicación do contrato, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de Convenios Colectivos, pactos ou acordos de calquera índole; de modo que, en ningún caso, poderá repercutir ditas modificacións sobre o prezo do contrato.

O contratista queda obrigado, respecto ao persoal asignado ao contrato, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral que se atopen vixentes en cada momento. En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o contratista será responsable de cumprir o disposto na normativa vixente, sen que ésta alcance en ningún modo á Administración contratante.

No seu caso, será obriga do contratista facilitar aos seus traballadores a roupa de traballo e elementos de protección adecuados en cada caso. Unha vez adxudicado o contrato, o contratista comunicará ao Concello de Vigo a relación de persoal que adscriba á obra, con indicación do nome, categoría, antigüidade e demais datos necesarios. Igualmente lle comunicará calquera variación que se produza durante a execución do contrato.

O contratista estará obrigado a presentar mensualmente ao servizo xestor de expediente (apartado 1.B das FEC) os documentos acreditativos de ter satisfeito as cotas á Seguridade Social do persoal adscrito á execución das obras, e en todo caso cando o solicite a Administración.

Antes do inicio dos traballos o contratista terá que acreditar por escrito ante o servizo xestor do expediente as seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de Actividades Empresariais:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

## **CLÁUSULA 27.-CUMPRIMENTO DO CONTRATO**

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando éste realice, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación contratada.

### **I.- RECEPCIÓN DAS OBRAS**

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción realizarase no prazo dun mes contado desde a terminación das obras. A estes efectos, concorrerá o responsable do contrato, se foi nomeado, ou un facultativo designado pola Administración, representante desta, o director das obras, e o contratista asistido, se o estima



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

conveniente, do seu facultativo.

Do resultado da recepción redatarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, entregándose un exemplar orixinal cada un deles.

Se se atopan as obras en bo estado e con arranxo ás prescricións previstas, o responsable do contrato ou quen o substitúa daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando a contar o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas, farase constar así na acta e o director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas, fixando un prazo para subsanalas. Se transcorrido devandito prazo, o contratista non o efectuou, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes de obra susceptibles de ser executadas por fases que poidan ser entregadas ao uso público.

Por razóns excepcionais de interese público, debidamente xustificadas no expediente, o órgano de contratación poderá acordar a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, producíndose tácitamente desde ese momento os efectos e consecuencias propios do acto de recepción das mesmas.

## II. CERTIFICACIÓN FINAL

o órgano de contratación, dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

## CLÁUSULA 28.- RÉXIME DE PAGOS

Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada, expedidas polo técnico director da obra. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, conforme ao previsto no Real Decreto 2402/1985, de 18 de

decembro.

As certificacións mensuais terán o carácter de pagamento a conta, estarán suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e non suporán aprobación e recepción das obras que comprendan.

A Administración terá obriga de aboar o prezo das correspondentes certificacións que acrediten a realización parcial ou total das obras no prazo fixado na lexislación vixente.

#### **CLÁUSULA 29.- REVISIÓN DE PREZOS**

Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine no apartado 3.J das FEC conforme á fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación aterase ao previsto nos artigos 77 ao 82 da LCSP.

O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

As revisións de prezos deberán ser aprobadas polo órgano de contratación.

#### **CLÁUSULA 30.- PRAZO DE GARANTÍA**

O prazo de garantía das obras será o sinalado no apartado 11 das FEC ou o que resulte da proposición presentada polo adxudicatario, e o seu cómputo comezará a partir da data de recepción das mesmas.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao seu cumprimento o director facultativo das obras, de oficio ou a instancia do contratista, redatará un informe sobre o estado das obras para os efectos previstos no artigo 218.3 da LCSP.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos derivados da deficiente execución das obras o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a subsanación dos mesmos.

Rematado o prazo de garantía sen que a Administración formalice reparo ou denuncia, procederase á cancelación da fianza presentada e o contratista quedará exento de responsabilidade salvo o previsto na cláusula seguinte.

#### **CLÁUSULA 31.- RESPONSABILIDADE POR VICIOS OCULTOS**

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, éste responderá dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contado desde a recepción. Transcorrido este prazo sen que se manifeste ningún dano ou prexuízo,



## **CONCELLO DE VIGO**

### **ÁREA DE FOMENTO**

Expediente 965/440

quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 219 da LCSP.

#### **CLÁUSULA 32.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

O órgano de Contratación só poderá modificar o contrato no caso de que así se teña especificado no apartado 15.A das FEC ou sobreveña algunha das circunstancias especificadas no artigo 92 quáter da LCSP, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 92 quinquies, 195 e 202 da LCSP.

As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión -en máis ou en menos- sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo aos importes ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

#### **CLÁUSULA 33.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1.- Considerarase infracción calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigas derivadas do presente contrato.

2.- As infraccións clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ao maior ou menor prexuízo que se cause á Administración ou aos usuarios.

3.- Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalguna das infraccións previstas a continuación:

##### **a) Por incumprimento das condicións especiais de execución**

O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste Prego dará lugar á imposición ao contratista de penalidades nos seguintes termos:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en

que según proceda poderá alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da LCSP.

#### **b) Por cumprimento defectuoso**

Se ao tempo da recepción a prestación non se axustase ás prescricións establecidas para a mesma no contrato imponse penalidades ao contratista nos seguintes termos:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave. Neste caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos, danos e prexuízos.

En particular terán a consideración de **faltas MOI GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. A execución manifestamente irregular do contrato.
2. A cesión en todo ou en parte do contrato baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do órgano de contratación, sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.
3. A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes aos previstos nos pregos e nas proposicións do contratista.
4. A modificación do programa de execución das obras sen previa autorización municipal.
5. A comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como faltas graves no presente Prego nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.
6. O incumprimento das obrigas laborais, de Seguridade Social ou de seguridade e saúde laboral.
7. As infraccións incluídas no apartado 16.C das FEC con este carácter.

Terán a consideración de **faltas GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

provoquen incomodidades.

2. O incumprimento das ordes ou instrucións referentes á execución das obras dadas pola Administración municipal ao adxudicatario ou do prazo que para o efecto se outorgue.
3. A comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como faltas leves no presente Prego nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.
4. As infraccións incluídas no apartado 16.C das FEC con este carácter.

Terán a consideración de **faltas LEVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. Falta de respecto ao público, aos inspectores dos servizos técnicos municipais ou axentes da autoridade.
2. O incumprimento do contrato que non supoña reiteración e que non conte coa consideración de falta grave ou moi grave.
3. As infraccións incluídas no apartado 16.C das FEC con este carácter.

#### c) Por incumprir criterios de adxudicación

Se, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, a Administración municipal apreciase que o contratista, por causas que lle resultan imputables, incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa proposición, imporánselle penalidades nos seguintes termos:

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 % da puntuación obtida polo contratista polo criterio de adxudicación incumplido resultase que a súa proposición non sería a mellor valorada.
- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, según proceda. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a súa gravidade.

#### d) Por demora

Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, estarase ao disposto no artigo 196 da LCSP en canto á imposición destas penalidades.

#### **e) Outras penalidades**

O órgano de contratación poderá establecer outras penalidades específicas relativas ao contrato na cláusula 16.C das FEC.

4.- A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatible coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ao seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e perdas causados, os cales serán apreciados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente a súa contía e o prazo para facelo.

5.- As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos, e as leves aos seis meses. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día no que se cometeron. Interromperá a prescrición a iniciación con coñecemento do interesado do procedemento sancionador, reanudándose se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputable ao contratista.

6.- As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos, e as leves ao ano. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución que as impuxo. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do regulamentario procedemento, reanudándose transcorrer o prazo se aquel estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao contratista.

#### **CLÁUSULA 34.- MULTAS COERCITIVAS**

1.- Con independencia do réxime de penalidades, a Administración poderá impoñer ao contratista multas coercitivas cando persista no incumprimento das súas obrigas.

2.- O seu importe será o seguinte:

- a) No caso de incumprimentos leves, multa de 1 a 300 € por cada día que persista.
- b) No caso de incumprimentos graves, multa de 301 a 600 € por cada día que persista.
- c) No caso de incumprimentos moi graves, multa de 601 a 1.000 € por cada día que persista.

Os días comezarán a contarse dende o seguinte a que o contratista recibise da Administración a orde para que cese no incumprimento.



## **CONCELLO DE VIGO**

### **ÁREA DE FOMENTO**

Expediente 965/440

Á hora de graduar a multa terase en conta o prezo do contrato.

3.- As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas penalizacións previstas na cláusula anterior.

4.- O Concello, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a costa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción, con dereito a repetir contra o mesmo.

5.- O disposto na presente cláusula entenderase sen prexuízo do dereito do Concello a reclamar a indemnización de danos e prexuízos ou á resolución do contrato, e das sancións administrativas que procedan no seu caso.

#### **CLÁUSULA 35.- APLICACIÓN DAS PENALIDADES E MULTAS POR INCUMPRIMENTO**

1.- A imposición das penalidades será acordada polo órgano de contratación trala instrución do correspondente expediente contraditorio previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días. Tramitarase consonte ao procedemento previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora. Se ben para a imposición de penalidades por incumprimentos leves, unicamente será preceptivo o trámite de audiencia ao contratista.

2.- O importe das multas será aboado polo contratista na Caixa do Concello dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de constrinximento administrativo.

3.- En todos os casos, o Concello, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a costa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción, con dereito a repetir contra o mesmo.

4.- O disposto na presente cláusula enténdese sen prexuízo do dereito do Concello a reclamar a indemnización de danos e perdas ou a resolución do contrato, así como á imposición das sancións administrativas que procedan no seu caso.

### **CLÁUSULA 36.- SUBCONTRATACIÓN**

O contratista poderá subcontratar parcialmente a execución do contrato ata o límite que se fixa no artigo 210.2 e) da LCSP salvo que no apartado 14.A das FEC se fixe outro límite inferior.

A subcontratación rexeráse polo disposto nos artigos 210 e 211 da LCSP.

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 210.2 da LCSP ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación, imporase a sanción establecida no artigo 210.3, nos seguintes termos:

- Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago do prezo total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da LCSP.
- Como regra xeral, a súa contía será un 5% do importe subcontratado, salvo que motivadamente o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá alcanzar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

### **CLÁUSULA 37.- CESIÓN**

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non sexan razón determinante da adxudicación do contrato. Deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- 1) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
- 2) Que o cedente efectúe a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce atopándose o adxudicatario en concurso aínda que se abra a fase de liquidación.
- 3) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ao cedente, e non estar incurso en ningunha causa de prohibición para contratar.
- 4) Que a cesión se formalice en escritura pública.

### **CLÁUSULA 38.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

A resolución do contrato rexeráse polo establecido con carácter xeral nos artigos 205 a 208 da LCSP e especificamente para o contrato de obras nos artigos 220 e 222 seguintes.



## **CONCELLO DE VIGO**

### **ÁREA DE FOMENTO**

Expediente 965/440

No apartado 16.B das FEC poderán establecerse outras causas específicas de resolución do contrato.

Será causa de resolución do contrato o incumprimento da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades do Concello de Vigo

En todo caso, en caso de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 208.4 da LCSP.

#### **CLÁUSULA 39.- LIQUIDACIÓN**

Transcorrido o prazo de garantía a que se refire a cláusula 30 practicarase a liquidación do contrato procedéndose, no seu caso, á devolución da garantía definitiva.

### **IV. XURISDICIÓN E RECURSOS**

#### **CLÁUSULA 40.- XURISDICIÓN**

As cuestións que poidan xurdir durante o desenvolvemento do contrato relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación (artigos 194 e 195 da LCSP). Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O recurso contencioso-administrativo será interposto no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación. No entanto, os interesados poderán interpor, con carácter previo, recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes computado a partir do día seguinte á notificación do acto recorrido. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso, ao amparo do previsto no artigo 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### **CLÁUSULA 41.- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN**

Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os seguintes actos, sempre e cando se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II da LCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros e contratos de xestión de servizos públicos nos que o orzamento de gastos de primeiro establecemento, excluído o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sexa superior a 500.000 euros e o prazo de duración superior a cinco anos:

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a licitación.
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que éstos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos.
- Os acordos de adxudicación, salvo que se siga o trámite de emerxencia previsto no artigo 97 da LCSP.

No apartado 1.f das FEC farase constar se o contrato obxecto do presente Prego está suxeito, ou non, a recurso especial en materia de contratación.

A tramitación deste recurso axustarase ao disposto nos artigos 310 a 319 da LCSP.

Contra a resolución do citado recurso só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo.



CONCELLO DE VIGO

ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona ..... con D.N.I. .... con enderezo  
en .....

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa ..... constituída ..... (referencia escritura). Acreditando a súa representación a través do poder ..... (referencia escritura)

**DECLARA:**

1. Que son certos os datos indicados e que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixido no artigo 43 e 61 da Lei de Contratos do Sector Público.
2. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no art. 49 da LCSP e que, especialmente, se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Vigo) e de Seguridade Social que imponen as disposicións vixentes.
3. No caso de que a documentación persoal (sobre A) se presente mediante fotocopia simple, declara que a mesma concorda cos seus orixinais.
4. Declara ..... (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, relacionaranse as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
5. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ao contrato e que os acepta incondicionalmente.
6. Que acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como enderezo de correo electrónico o seguinte .....

7. No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación ata o día da data.

Lugar, data, selo e sinatura



**CONCELLO DE VIGO**

**ÁREA DE FOMENTO**

Expediente 965/440

**ANEXO II**

**FOLLAS DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO (FEC)**

**1. DATOS DO EXPEDIENTE**

- A) **NÚMERO DE EXPEDIENTE:** 965/440
- B) **SERVIZO XESTOR:** ÁREA DE FOMENTO
- C) **RESPONSABLE DO CONTRATO:** XEFE DA ÁREA DE FOMENTO
- D) **TRAMITACIÓN:** URXENTE
- E) **TRÁTASE DUN CONTRATO DE REGULACIÓN HARMONIZADA:** NON
- F) **TRÁTASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN:** NON

**2. OBXECTO:**

- A) **OBXECTO DO CONTRATO:** OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS-PARROQUIA LAVADORES. FASE III: BAIXADA AO CAPITÁN ATÉ O NÚMERO 186
- B) **CODIFICACIÓN OBXECTO DO CONTRATO:**
  - **CNAE:** 4299
  - **CPV:** 45220000-5
- C) **NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACIÓN:** con este contrato se satisfarán as necesidades que se describen na memoria do proxecto, mediante a execución das obras descritas no mesmo, e que se definen nos planos, e coas características e calidade que se recolle no prego de prescripcións técnicas particulares e no orzamento
- D) **LOTES:** NON

**3. CONTIDO ECONÓMICO**

- A) **PRESUPOSTO TOTAL:** 1.465.658,77 euros
- B) **IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN:** 223.575,07 euros
- C) **VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** 1.242.083,70 euros
- D) **ANUALIDADES CON IVE (SE PROCEDEN):** NON PROCEDEN
- E) **DOTACIÓN POR LOTES (OS PREZOS INDICARANSE CON IVE E CONSIGNARASE O IMPORTE CORRESPONDENTE AO MESMO):** NON SE CONTEMPLAN
- F) **PREZOS UNITARIOS (CON IVE ENGADIDO):** NON SE CONTEMPLAN
- G) **APLICACIÓN ORZAMENTARIA:** 1550.619.00.81
- H) **ANTICIPADO DE GASTO:** NON
- I) **FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS:** NON

J) PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS: NON

#### 4. PRAZO DE EXECUCIÓN

- A) PRAZO DE EXECUCIÓN: TRES (3) MESES
- B) PRAZOS PARCIAIS: NON SE ESTABLECEN
- C) PRÓRROGA DO CONTRATO: NON SE CONTEMPLAN
- D) DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO: SETEMBRO 2011

#### 5. GASTOS DO CONTRATO

- A) GASTOS MÁXIMOS DE PUBLICIDADE: 1.000 euros
- B) GASTOS POR DESESTIMENTO OU RENUNCIA: 50 euros

#### 6. CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA

- A) PROCEDE ACREDITAR CLASIFICACIÓN: SI  
Grupo G, subgrupo 6, categoría d  
Grupo E, subgrupo 1, categoría c
- B) CLASIFICACIÓN QUE ACREDITE A SOLVENCIA ECONÓMICA FINANCEIRA E TÉCNICA NO CASO DE QUE POLO IMPORTE DO CONTRATO NON SE ESIXA CLASIFICACIÓN:
- C) OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA A MÁIS DOS QUE FIGURAN NO PREGO: NON SE CONTEMPLAN
- D) OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA A MÁIS DOS QUE FIGURAN NON PREGO: NON SE CONTEMPLAN
- E) MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS Á ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO: OS QUE SE ESTABLECEN NO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

#### 7. CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN DOS SOBRES B E C

##### A) CONTIDO SOBRE B:

Incluirá a documentación acreditativa dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor, e concretamente os seguintes:

- Relación de ensaios de control de calidade
- Plan de calidade de autocontrol interno
- Programa de traballo no que constará a proposta do proceso construtivo, proposta de coherencia programa-prazo de execución das obras e diagrama de gant.
- Relación de melloras nas que se especificarán obrigatoriamente os seguintes aspectos para cada unha das melloras (no suposto de non incluírse algún deles as melloras presentadas non serán valoradas):
  - Descrición técnica.
  - Unidades que comprende.
  - Prezo unitario con IVE incluído.
- Memoria de prevención de riscos laborais



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

#### B) CONTIDO SOBRE C: MODELO DE PROPOSICIÓN

D ....., con D.N.I. nº ....., en nome propio (ou en representación de .....), informado da licitación para a contratación das obras do proxecto de **OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS-PARROQUIA LAVADORES. FASE III: BAIXADA AO CAPITÁN ATÉ O NÚMERO 186**, expediente nº 965/440, manifesta:

1.- Que acepta íntegramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas e o proxecto que rexen a presente contratación.

2.- Propón como prezo sen IVE do contrato o de ..... euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de ..... euros o que supón un prezo total do contrato de ..... euros.

3.- Incrementa o prazo de garantía en ..... meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de condicións administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de ..... meses.

4.- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do ..... %, pasando do 2% fixado no prego de prescricións técnicas do proxecto ao ..... %

Lugar, data e sinatura do licitador.

**C) NÚMERO MÁXIMO DE FOLLAS:** NON SE ESIXEN

**D) POR DUPLICADO:** NON SE ESIXE

**E) EN FORMATO DIXITAL:** NON SE ESIXE A MÁIS DO PREVISTO NO PREGO DE CONDICIÓNS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

#### 8. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

##### A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:

###### a.- Programa de traballo.

Valorarase ata un máximo de VINTE (20) puntos a achega do programa de traballo a levar a cabo durante a obra, para o cal se terá en conta a proposta de desenvolvemento dos traballos a realizar, a xustificación da metodoloxía para a execución dos traballos, a súa coherencia e o bo

coñecemento dos problemas a resolver.

No mesmo se especificarán as distintas fases de execución da obra.

**Neste programa de traballo non se reflectirá o número de traballadores por non ser obxecto de valoración**

A valoración deste concepto será desglosada do seguinte xeito:

- Proposta do proceso construtivo: até 10 puntos.
- Proposta de coherencia programa-prazo de execución das obras: até 5 puntos.
- Proposta diagrama de gant: até 5 puntos.

#### **b.- Plan de control de calidade.**

Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos o plan de control de calidade das obras a executar.

Teranse en conta os seguintes criterios:

- Ensaio de control de calidade: até 5 puntos.
- Plan de calidade de autocontrol interno: até 5 puntos.

#### **c.- Melloras cuantificadas economicamente**

Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos en base aos seguintes criterios

- Os licitadores presentarán as súas ofertas de melloras cuantificadas economicamente e debidamente ordenadas, sen que o seu importe total poida exceder do 5% do presuposto de licitación. Non obstante, a cuantificación económica que prevalecerá será a que establezan os servizos técnicos municipais nos seus informes
- Só se admitirán aquelas melloras pola orde proposta que contén co destiño previsto no apartado 9.B. desta FEC; o resto serán rexeitadas.
- A asignación da puntuación por este criterio farase proporcionalmente ao importe das melloras aceptadas con arranxo á seguinte fórmula:

$$P = 10 * \frac{\text{Importe total melloras da oferta a considerar}}{5\% \text{ do importe do presuposto de licitación}}$$

Onde:

P é a puntuación a outorgar a oferta.

- O contratista non terá a obriga de executar as melloras rexeitadas

#### **d.- Memoria de prevención de riscos laborais.**

O contratista aportará neste apartado relación de medidas que se disporán ó longo da execución da obra, en relación coa prevención de riscos laborais, tanto no relativo a medidas de protección pasiva e activa, así como actividades que se desenvolverán ó longo da obra para minimizar os riscos laborais. Este apartado valorarase ata un máximo de 5 puntos. A



## CONCELLO DE VIGO

### ÁREA DE FOMENTO

Expediente 965/440

documentación a presentar para este criterio terá un máximo de 20 follas a unha cara en formato DIN A 4.

#### B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

##### a.- Presuposto.

Valorarase ata un máximo de TRINTA (30) puntos a empresa que oferte a maior baixa sobre o importe de licitación.

A fórmula a utilizar será a seguinte:  $P=30*Y/X$  ,

Onde:

P: puntuación da oferta a considerar.

X: importe da máxima baixa económica ofertada.

Y: importe da baixa económica da oferta a considerar.

##### b.-Prazo de garantía.

Valorarase ata un máximo de QUINCE (15) puntos a ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no apartado 11 desta FEC

Aplicarase o criterio de valoración de proporcionalidade, ata un incremento máximo do prazo admitido a valoración, de 48 meses sobre os 12 meses esixidos na cláusula 11 da presente FEC. Os incrementos superiores ao máximo, non serán valorados por este criterio. A efectos de valoración unicamente se computarán meses enteiros.

Fórmula a aplicar:  $P=15*Y/X$  ,

Onde:

P: puntuación da oferta a considerar.

X: incremento máximo valorable (48 meses).

Y: incremento de prazo proposto pola oferta a considerar (máximo 48 meses).

##### c.- Aportación económica ao control de calidade superior ao mínimo especificado no Prego de Prescricións Técnicas do proxecto (2%)

Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos. Aplicarase o criterio de valoración de proporcionalidade, ata un máximo global do 4% (sumando o descrito no prego e o incremento ofertado). A aportación económica a maiores sobre este incremento máximo, non será tida en conta a efectos de valoración por este concepto.

Fórmula a aplicar:  $P=10*Y/X$ ,

Onde:

P: puntuación da oferta a considerar.

X: Aportación máxima valorable (4%).

Y: Aportación proposto pola oferta a considerar + mínimo especificado no prego (máximo 4%).

- C) **COMITÉ DE EXPERTOS OU ORGANISMO TÉCNICO ESPECIALIZADO:** NON SE NECESITA
- D) **FASES EN QUE OPERA CADA CRITERIO:** NON SE CONTEMPLAN
- E) **PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTENIR POR CADA CRITERIO:** NON SE PREVÉ
- F) **PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTENIR PARA A TOTALIDADE DOS CRITERIOS:** NON SE PREVÉ
- G) **OUTROS CRITERIOS DISTINTOS AOS DA CLÁUSULA 16 DO PREGO PARA DETERMINAR QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS:** consideraranse incursas en presunción de baixa desproporcionada ou temeraria aquelas ofertas que superen o 10% de baixa sobre o prezo de licitación.

#### 9. MELLORAS:

- A) **ADMITE MELLORAS:** SI, até un máximo do 5% do presuposto de licitación.
- B) **EN CASO AFIRMATIVO, DELIMITACIÓN DOS ELEMENTOS E CONDICIÓN:**

- Protección fronte o aparcadoiro ilegal, en base á aportación de elementos ou medidas que contribúan a dito fin.
- Materiais e acabados superficiais, en base á mellora da calidade dos elementos a empregar na execución das obras (introducción de elementos para pavimentación superficial e de mobiliario urbano, xardinería, alumeado, sinalización, redes de servizos, etc que melloren os previstos no proxecto)

#### 10. GARANTÍAS:

- A) **PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA PROVISIONAL:** NON
- B) **PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA COMPLEMENTARIA:** NON

11. **PRazo DE GARANTÍA:** doce (12) meses como mínimo, que poderá ser mellorado polos licitadores nas súas ofertas até 60 meses como máximo

12. **RÉXIME DE PAGAMENTO:** certificacións mensuais.

#### 13. ASEGURAMENTO:

- A) **PROCEDE CONSTITUÍR SEGURO ESPECÍFICO:** NON

#### 14. SUBCONTRATACIÓN:



**CONCELLO DE VIGO**

**ÁREA DE FOMENTO**

Expediente 965/440

A) SUBCONTRATACIÓN: SI, co límite fixado no artigo 210.2, e) da LCSP

**15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO:**

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: NON

B) ASPECTOS A MODIFICAR (EN CASO AFIRMATIVO):

C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

D) LÍMITES DA MODIFICACIÓN:

E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:

**16. OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO DISTINTOS DOS PREVISTOS NO PREGO:**

A) CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN: NON SE CONTEMPLAN

B) CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO: NON SE CONTEMPLAN

C) OUTRAS PENALIDADES: NON SE CONTEMPLAN

D) OBSERVACIÓNES:

Vigo, 6 de xullo de 2011

O Xefe do servizo administrativo e control presupostario  
da Área de Fomento

Jesús López Moure

CONFORME,

O Xefe da Área de Fomento

CONFORME,

O Asesor Xurídico da Área de Fomento

Álvaro Crespo Casal

José Rodríguez García

CONFORME

O concelleiro-delegado da Área de Fomento

David Regades Fernández

